



SABÍAS QUE...?

- O goberno municipal vén de contratar un estudo sobre da **Lagartixa Cantábrica** por uns **18.000 euros**?
- Segundo informe técnico, **“a maioría dos servizos e suministros do concello carecen de contrato**, tratándose de supostos de **contratación verbal** ou ben **contratación irregular**”?
- Logo doutra xubilación, o goberno municipal **continúa sen ofertar as prazas da Policía Local**?
- O PSOE ten renunciado, vai tempo, a dar solución ao **caos da matrícula e á falta de prazas nas escolas** municipais deportivas e culturais?

POLO FORTALECEMENTO DOS SERVIZOS SOCIOSANITARIOS

O BNG leva **anos demandando** ao goberno municipal do PSOE a cobertura das necesidades sociais da poboación, entre as que destaca a construción dun **Centro Residencial público** que permita cubrir a demanda actual da nosa vila e que reduza o afastamento das persoas maiores e/ou dependentes da súa contorna.

Tal e como recollía o programa electoral presentado para as eleccións municipais de maio de 2023, o BNG mantén a súa aposta polo **fortalecemento e planificación dos servizos sociais e sanitarios**, tanto coa **creación de novos servizos** como co **mantemento e mellora** dos existentes.

Neste senso, foron **promovidas numerosas actuacións** nos últimos anos para esixir ao PSOE a cobertura urxente das ditas necesidades. Sobre a atención de persoas maiores e dependentes, **demándase de xeito continuado a creación dun Centro Residencial público**, destacando xa no ano **2019 unha recollida de sinaturas** para este fin, así como constantes e reiteradas **peticións** no Pleno. Constan **novas de prensa durante máis de 16 anos de goberno** do PSOE onde están plasmadas promesas incumpridas (localización, financiamento, titularidade, número de prazas, ...), demostrando a falta de transparencia, o abandono e desatención deste sector da poboación.

Tamén nesta liña, o BNG presentou o 1 de marzo deste ano unha **moción no Pleno** sobre a necesidade de aumentar as **prazas do Centro de Día**, pasando das 16 actuais (dende a súa apertura no ano 2012) ata chegar ás 30 que ten autorizadas. Acordouse a presentación da **demanda ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar** sobre o cumprimento das súas obrigas, así como a convocatoria urxente de xuntanza entre a Comisión de Benestar Social do Concello, integrada por todos os grupos municipais, coa Presidencia e a Xerencia do Consorcio, **non tendo a día de hoxe, 8 meses despois, comunicación de cambio algún** por parte do goberno municipal.

No que respecta ao plano sanitario, o BNG presentou **mocións para a implantación no Centro de Saúde das Pontes do servizo de raios X**, co obxectivo de asimilarse a outros concellos da contorna e poder ofrecer a maior proximidade posible á veciñanza, non obtendo resposta polo momento. Con relación a isto, existe constancia de pacientes xa derivados ao novo servizo de raios nos Centros de Saúde de Pontedeume e Ortigueira, provocando malestar entre a veciñanza afectada por non poder contar con esta atención na súa vila.


O BNG mantivo **contacto coa Coordinación do Centro de Saúde** para coñecer de primeira man esta circunstancia, as necesidades actuais, o funcionamento en áreas concretas e para informar que, como oposición, permanécese alerta ante as ditas situacións negativas, como pode ser a discontinuidade de servizos como o de Pediatría, trasladando a permanente demanda da cobertura continuada das dúas prazas asignadas neste Centro.

Dende o BNG continuamos a demandar transparencia e, sobre de todo, veracidade e certeza ao Alcalde e ao goberno municipal do PSOE en relación á posta en marcha e mellora dos recursos de atención social e sanitaria nas Pontes.

UNHA VILA INDUSTRIAL SEN CHAN INDUSTRIAL EN 20 ANOS

O Alcalde, nas súas declaración sobre do desmantelamento da Central, **renuncia** de feito a que As Pontes teña **chan industrial público** algún ata máis aló de **2030**, no mellor dos casos.


Unha vila industrial, con orzamentos municipais de máis de **20 millóns de euros anuais**, que tivo subvencións millonarias e comprou terreos para un anunciado **Parque Tecnolóxico** onde nunca fixo nada, que estivo no **Plan do Carbón** no que deixou escapar uns **55 millóns de euros**, que está na Transición Xusta, cun Alcalde que foi Secretario Xeral do PSOE galego e que preside a Deputación dende hai anos, que ten una “deputada polas Pontes” no Congreso, ..., e que, con todo, vai camiño dos 20 anos sen ter chan industrial. E, ademais, vota en contra das propostas do BNG para evitalo.



O **suposto chan industrial** da Central ao que aposta todo tería distintos problemas. Segundo proxecto presentado pola empresa, o **desmantelamento** só será na superficie, sen afectar ás cimentacións; por outra parte, a zona da Central ten máis limitacións que antes, por exemplo os derivados do río Eume e as súas **áreas de inundabilidade**, ou mesmo a presenza de liñas eléctricas, actuais e futuras (unha de alta tensión que atravesa a parcela dende o parque de carbóns, onde se fará unha subestación, ata o nó de acceso na subestación actual, para dar saída á electricidade xerada polos novos parques eólicos de Enel Green Power), ou os de acceso a vía pública, xunto coa necesidade de parcelar para segreggar o vertedoiro de cinzas e a subestación, ou outros trámites urbanísticos que poderían ser necesarios e que, a diferenza da Central de Meirama en Cerceda, levan tempo e non se teñen iniciado. E a é **propiedade de Endesa**. De seguirmos o plan do Alcalde imos cumprir, como mínimo, máis de **20 anos sen facer chan industrial**, outro “récord” para este goberno municipal.

UN CONCELLO SEN ORGANIZACIÓN E PRIVATIZADO

Comparativa Orzamentos 2007 e 2024



Logo de meses, o Alcalde **non** ten feito a **nova organización** do goberno e a distribución de áreas e responsabilidades, xunto cos **salarios**, verdadeiro problema. Os **efectos negativos** son patentes no funcionamento **diario** do Concello, onde moitos dos expedientes dependen da sinatura dun Alcalde desaparecido. Mais forma parte dun deseño, tamén de desmantelamento, que pretende un Concello pequeno, con **pouco persoal** (só temos que mirar os postos que levan

eliminados ou sen cubrir), e **moita empresa contratada e controlada**. A gráfica sobre dos gastos de persoal e de empresas así o evidencia.

O PSOE PROVOCA A DESIGUALDADE URBANÍSTICA

O Concello é quen concede a **licenza de primeira ocupación** de edificios anteriores ao 1 de xaneiro de 2023, e faino despois de que, unha vez **rematada a obra**, os servizos técnicos municipais comprobam que se axusta á licenza de obras que fora concedida con anterioridade. É dicir, a licenza de primeira ocupación confirma que a obra está rematada, é conforme ao concedido, e, polo tanto, está lista para poder utilizala.

Nas Pontes hai **máis de 1.000 vivendas e garaxes sen licenza de primeira ocupación** por non coincidencias entre o proxectado e o executado, xerando unha grande inseguridade patrimonial e xurídica para as persoas propietarias e que, no caso de teren un accidente grave, descoñecen cal sería a resposta das compañías de seguros. O problema está tan estendido que moitas veces esta situación é descoñecida polas persoas propietarias, pois no seu día asinaron unha escritura onde, no mellor dos casos, figura esta **licenza en estado de tramitación**; moitas vivendas usadas seguíronse **vendendo sen ter esta licenza**.



O BNG descoñece si o problema foi tratado na reunión do Alcalde coa **Ministra de Vivenda**, quen, en todo caso e por **falta de competencias**, só podería **darlle un consello**, innecesario, xa que o Alcalde, coñecedor desta situación, só se preocupou, en todos os seus anos de goberno, dun só deses edificios sen licenza de primeira ocupación; repetimos: **só un edificio**.

Para elo, o PSOE empregou unha **interpretación singular das Normas Subsidiarias**, avalado polo servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación, que dicía textualmente o seguinte:

“Establecer como criterio interpretativo das Normas Subsidiarias Municipais do ano 1985 que, nos casos nos que, **executada unha obra esta adoeza de excesos nas condicións de volume recollidas nas normas e estes excesos sexan cuantitativamente pouco relevantes e non parezan afectar á harmónica integración do edificado no conxunto existente ni desmerezan da imaxe urbana en xeral, se interprete de xeito equilibrado o escaso interese público que representaría a reposición da infracción á legalidade vixente fronte á elevada contía da súa reposición**. Neste casos, que serán interpretados de xeito restritivo, **outorgarase a licenza pertinente sen prexuízo das sancións que correspondan** pola infracción urbanística cometida e adopción das medidas de inutilización dos aproveitamentos urbanísticos anteriores, no seu caso. Na tramitación deste expedientes excepcionais incorporaranse os informes que se estimen necesarios para acreditar a concorrencia das circunstancias descritas e o ditame favorable da Comisión Informativa de obras, urbanismo, servizos e desenvolvemento rural”

Por iso, este goberno municipal, instalado na demagogia, debería, en primeiro lugar, e diante da **ausencia e previsión dun PXOUM**, darlle **cobertura xurídica** a toda as vivendas das Pontes que entren no criterio interpretativo que usou para **un só edificio**; sería o mellor xeito de defender a vivenda nas Pontes, tanto para a venda como para alugueiro. E **só depende do Concello**.

AXUDAS PARA A TRANSICIÓN XUSTA: **NADA XUSTAS**

No último Pleno Ordinario de setembro, o BNG advertía ao goberno municipal do PSOE sobre da posibilidade de que a Xunta convocara as **axudas** dos fondos da Transición Xusta a **proxectos xeradores de emprego** para toda a provincia da Coruña, non só para as áreas de peche de centrais térmicas, nomeadamente aos 19 concellos galegos das zonas de Meirama (Carral, Cerceda, A Laracha, Ordes e Tordoia) e As Pontes (Cabanas, A Capela, Cerdido, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Muras, Ortigueira, As Pontes, San Sadurniño, As Somozas, Vilalba e Xermade); dende o PSOE afirmábase ter a convicción, logo dos contactos coa Xunta, de que se aplicarían, cando menos, criterios favorables para os concellos citados, tamén para os de Lugo.



Pois ben, as sospeitas do BNG veñen de confirmarse o pasado 17 de outubro, coa publicación no DOG das bases e da convocatoria, en **competencia competitiva**, dos préstamos para proxectos de pemes creadores de emprego, previstos no Programa do **Fondo de Transición Xusta 2021-2027**. O ámbito xeográfico de aplicación é o de todos os concellos da provincia da Coruña, **excluíndo polo tanto aos concellos de Muras, Vilalba e Xermade**; para proxectos localizados no resto de concellos

das zonas de Transición Xusta, o baremo fixa unha puntuación de tan só 5 sobre un máximo de 105 puntos nos 11 criterios. Ademais, no caso de empate, o de localización sería o octavo criterio en aplicarse.

Como **aspecto tamén negativo**, subliñar que, aínda que o criterio de creación de emprego é o de maior peso con 35 puntos e prioritario no caso de empate, á contratación do persoal da bolsa de emprego do Instituto de Transición Xusta, como o das Auxiliares e do transporte do carbón, correspóndelle un máximo de 1 punto.

O BNG ten proposto ao PSOE analizar, entre outros aspectos, a **posibilidade dun recurso contra das bases**, por ser claramente contrarias aos intereses das Pontes, xa de por si difíciles pola recoñecida situación local de falta de solo industrial.

Debemos lembrar que van máis de **2 anos** dende a presentación nas Pontes, polo daquela Delegado do Goberno José Miñones, da nova sede da **Oficina de Transición Xusta**, situada en Penapurreira, acto ao que asistiron os 19 Concellos da Transición Xusta galega, aos que debería asesorar a oficina. No acto, o Alcalde afirmou que era **“un mecanismo necesario”** e que viña a **“reflexionar que o Goberno pensa nos territorios** para mellorar o sistema de asignación do Fondo de Transición Xusta”. Fiel á súa forma de comunicar, tamén deixou unha grande frase ás que nos ten acostumados, ao cualificar á nosa vila como **“zona cero da Transición Xusta”**, aínda que non aclarou a posición do dígito, que todo parece sinalar á esquerda, en todos os sentidos.



Participaremos do **acto público da residencia**



30 OUTUBRO



20:00



CASA DOPESO

**A NECESIDADE DUNHA
RESIDENCIA PÚBLICA DE
MAIORES NAS PONTES**



aspontes@bng.gal



+ 34 613 94 17 55



[@bngaspontes](https://www.instagram.com/bngaspontes)



BNG As Pontes